

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS/AS DEPORTISTAS FEDERADOS/AS:

As solicitudes pódense presentar na sede electrónica na páxina do Concello a través do seguinte enlace:

https://sede.teo.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvenciones_N

ou presencial no Rexistro de entrada do Concello.

Nos dous procedementos tedes que adxuntar a seguinte documentación:

- Anexo II [\(Pódese cubrir en liña\)](#)

- a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor.
- b) Copia cotexada do DNI en vigor (no caso de non tela entregada xa noutras convocatorias anteriores).
- c) Currículo deportivo.
- d) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2022.
- e) Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou no ano 2021.
- f) Memoria descritiva da actividade que se vai a desenvolver no ano 2023 para a cal se pide a subvención. [\(Pódese cubrir en liña\)](#)
- g) Orzamento detallado de gastos e ingresos previsto para o ano 2023. [\(Pódese cubrir en liña\)](#)
- h) Certificación bancaria do número de conta onde se efectuarán os pagamentos.
- i) Certificación ou declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, os certificados de atoparse ao corrente con Facenda e a Seguridade Social poderán substituírse por unha declaración responsable cando o importe da subvención non supere os 3.000€. O solicitante neste punto deberá comprometerse a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. [\(Pódese cubrir en liña no caso de que sexa declaración responsable\)](#)

Por outra parte, o solicitante poderá conceder autorización ao concello para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación de atoparse ao corrente con Facenda e coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, en cuxo caso o solicitante non deberá aportar a correspondente certificación.

k) Declaración responsable conforme a que o/a solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003. [\(Pódese cubrir en liña\)](#)

l) Declaración de datos e compromisos. [\(Pódese cubrir en liña\)](#)

m) Última resolución publicada no DOG da Secretaría Xeral para o Deporte onde figure o recoñecemento de Deportista Galega/o de Alto nivel (se é o caso).

Nos puntos h), i) e k) no caso dos menores de idade serán os datos dos titores legais.